



**Ana Patricia Torres Madureira**, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA A MELLORA DA ATENCIÓN E INTEGRACIÓN DO COLECTIVO INMIGRANTE NA PROVINCIA, CON ESPECIAL ATENCIÓN Á POBOACIÓN VENEZOLANA**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A realidade demográfica de Ourense —marcada polo envellecemento da poboación, a baixa natalidade e o despoboamento progresivo— require respostas valentes e transversais. A chegada de persoas migrantes constitúe, neste contexto, unha oportunidade para revitalizar o territorio, reforzar o tecido social e garantir a sustentabilidade dos servizos públicos e a actividade económica.

O conxunto da poboación inmigrante, que se instala nas nosas vilas e cidades con vontade de arraigo e integración, precisa contar con vías efectivas e humanitarias para a súa regularización administrativa, a súa inserción laboral e o recoñecemento das súas cualificacións profesionais e ter acceso a unha vivenda digna. Estes procesos son, na actualidade, excesivamente longos e complexos, o que obriga a moitas persoas a vivir nunha situación de incerteza que dificulta a súa plena incorporación á vida social e económica.

Entre todos os colectivos migrantes, merece unha mención especial a comunidade venezolana, que representa un dos principais fluxos migratorios cara a Galicia e, particularmente, cara á provincia de Ourense. Trátase, ademais, dun colectivo cun forte vínculo emocional, histórico e cultural co noso país, derivado das décadas de emigración galega a Venezuela. Moitas destas persoas son descendentes de galegos retornados, e o seu asentamento nas nosas comarcas está a contribuír de maneira directa a fixar poboación, revitalizar



escolas, recuperar actividades económicas e reforzar servizos básicos como a sanidade ou o comercio local.

A nova normativa de estranxeiría introduce algúns avances, mais tamén implica riscos importantes: obriga a moitas persoas en situación de solicitude de protección internacional a renunciar a ese proceso para poder acceder a outras vías como o arraigamento, mesmo cando xa teñen un emprego e están en proceso de integración. Esta contradición normativa supón un retroceso nos dereitos das persoas migrantes e unha perda de capital humano esencial para o futuro do noso territorio.

O sistema de citas para as entrevistas de asilo e trámites administrativos está totalmente colapsado, xerando atrasos inxustificables que impiden ás persoas regularizar a súa situación. Esta carencia foi aproveitada por mafias que cobran por conseguir citas, o que vulnera os principios de igualdade, transparencia e acceso aos dereitos fundamentais.

Por todo isto, resulta urxente instar ás administracións competentes a adaptar o marco legal ás necesidades reais do territorio e das persoas que escollen Galicia como lugar para vivir, traballar e contribuír ao ben común.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

**ACORDOS:**

1. Instar ao Goberno de España a mellorar os procesos de acollida, regularización e inserción laboral do conxunto da poboación migrante, reducindo tempos de espera e garantindo un trato digno e eficiente.
2. Instar ao Goberno de España a revisión do Regulamento de Estranxeiría para evitar que as persoas solicitantes de asilo teñan que renunciar á súa protección internacional ou ao seu emprego para optar a outras vías como o arraigamento.



3. Instar ao Goberno de España a acelerar a homologación de títulos académicos e cualificacións profesionais, especialmente no caso de migrantes con alta formación que non poden exercer a súa profesión en España.

4. Instar o Goberno de España a garantir un sistema de xestión de citas transparente, accesible e eficaz, combatendo a actuación das mafias e evitando que as persoas migrantes queden atrapadas en situacións administrativas irregulares por falla de acceso aos procedementos.

5. Instar o Goberno de España a modificar o programa de fomento da rexeneración e renovación de vivenda urbana e rural coa ampliación partidas específicas en concellos de menos de 5.000 habitantes sen límite de idade, destinada o aluguer.

5. Promover desde a Deputación de Ourense políticas activas de integración social, laboral e educativa para persoas migrantes, en coordinación cos concellos e co tecido asociativo, poñendo en valor, en colaboración coas entidades locais, o papel positivo do colectivo venezolano no reforzo demográfico e económico da provincia, impulsando campañas de visibilización e apoio institucional.

Ourense, 10 de abril de 2025.

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

---

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**